

Concello da Capela

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
MPC/2024/5	Mesa Permanente de Contratación

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Nova valoración das propostas do expediente 281/2024 para incluír a condición de empresas vinculadas e proposta de adxudicación. Valoración da documentación previa do expediente 285/2024 e proposta de adxudicación.»
Data	11 de setembro de 2024
Duración	Desde as 10:28 ata as 11:30 horas
Lugar	Salón de sesións da Casa do Concello
Presidida por	Emilio Riobó Piñón
Secretario	Olga Galdo López

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
76409999C	Emilio Riobó Piñón	SÍ
32631762Y	Jesús Franco Rodríguez	NON
32636238C	Josefina Fernández Ferreira	SÍ
32679069W	MARIA YOLANDA ARES BAO	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:
1. Jesús Franco Rodríguez:
«Vacacións»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente



Concello da Capela

abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

I. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior

A Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, acorda aprobar o borrador da acta da sesión de data 26 de agosto de 2024.

II. Expediente 281/2024. Contratacións. Nova valoración das ofertas presentadas da licitación "Mellora de camiños municipais: LC-121 (P.Q. 1+470) a Arnoso (AGADER) para incluír a circunstancia de empresas vinculadas.

A secretaria da Mesa dá conta da reclamación presentada polo licitador Explotaciones Gallegas, S. L. ao requirimento que lle foi enviado en data 27 de agosto de 2024 para que, no prazo de 5 días hábiles, presentase a documentación xustificativa das circunstancias que lle permitían executar a súa oferta incurso en baixa temeraria.

Na dita reclamación Explotaciones Gallegas, S. L., alegaba que non se tiña en conta a circunstancia de si concorrián empresas vinculadas. Ao advertir o concello que no modelo Anexo II do Prego de cláusulas administrativas particulares non se solicitaba esa información, en data 5 de setembro de 2024, requiriuse a todas as empresas que presentaron propostas á licitación de referencia, para que no prazo de 3 días hábiles presentasen a declaración responsable de si concorrián ou non vinculadas ao procedemento.

Cumprido este requirimento por todos os licitadores, a secretaria da Mesa dá conta das empresas que concorren vinculadas que son as seguintes:

- Construcciones Ponciano Nieto, S. L. concorre vinculada con Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L.
- GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L. concorre vinculada con SYR-AMG, S. L.

Visto o anterior realízase de novo o cálculo de si algunha das propostas incorre en baixa temeraria, excluíndo as ofertas máis altas das presentadas polas empresas vinculadas, co seguinte resultado:



Concello da Capela

Licitador	Oferta económica	Importe da baixa	Porcentaxe da baixa
Canarga, S. L.	58.400,00 €	5.279,88 €	8,29%
Construcciones Ponciano Nieto, S. L.	59.929,13 €	3.750,75 €	5,89%
Explotaciones Gallegas, S. L.	56.820,00 €	6.859,88 €	10,77%
José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.	59.895,00 €	3.784,88 €	5,94%
Lancer Proyectos y Obras, S. A.	59.527,95 €	4.151,93 €	6,52%
Misturas, S. A.	60.533,88 €	3.146,00 €	4,94%
Obras y Saneamientos Galicia, S. L.	63.654,52 €	25,36 €	0,04%
SYR-AMG, S. L.	60.998,86 €	2.681,02 €	4,21%
Total baixas ofertadas		29.679,70 €	
Total porcentaxes de baixa			46,60%
Porcentaxe media das baixas			5,83%
Parámetro máximo de baixa (media + 5,00)			10,83%

Licitador	Oferta económica	Importe da baixa	Porcentaxe da baixa
Canarga, S. L.	58.400,00 €	5.279,88 €	8,29%
Construcciones Ponciano Nieto, S. L.	59.929,13 €	3.750,75 €	5,89%
Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L.	61.202,73 €	2.477,15 €	3,89%
Explotaciones Gallegas, S. L.	56.820,00 €	6.859,88 €	10,77%
GR Construcciones, Obras y Servicios, S. L.	61.266,29 €	2.413,59 €	3,79%
José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.	59.895,00 €	3.784,88 €	5,94%
Lancer Proyectos y Obras, S. A.	59.527,95 €	4.151,93 €	6,52%
Misturas, S. A.	60.533,88 €	3.146,00 €	4,94%
Obras y Saneamientos Galicia, S. L.	63.654,52 €	25,36 €	0,04%
SYR-AMG, S. L.	60.998,86 €	2.681,02 €	4,21%

Á vista do anterior ningunha das ofertas presentadas incorre en baixa temeraria.



Concello da Capela

III. Expediente 281/2024. Contratacións. Proposta de adxudicación do contrato "Mellora de camiños municipais: LC-121 (P.Q. 1+470) a Arnoso (AGADER)

A Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela, por unanimidade dos membros asistentes á sesión, á vista dos novos datos do cálculo para determinar si algunha das ofertas incorre en baixa temeraria, acorda propoñer ao órgano de contratación, a Alcaldía-Presidencia, a adxudicación do contrato de execución da obra de referencia ao licitador que acadou a maior puntuación e polo tanto, ao que presenta unha mellor relación calidade/prezo:

Licitador	Importe (IVE incluído)
Explotaciones Gallegas, S. L.	56.820,00 €

Tal como establece a cláusula 15ª do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta licitación, a Mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

Así mesmo a Mesa acorda requirir ao licitador proposto como adxudicatario para que no prazo de sete días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de cumprimento dos requisitos e dos criterios de adxudicación, previo á adxudicación do contrato.

IV. Expediente 285/2024. Contratacións. Valoración da documentación previa á adxudicación do contrato para "Mellora da cuberta e fachadas en instalacións deportivas municipais (ximnasio e vestiarios da piscina) (FCL 2024)

En data 27 de agosto de 2024, enviouse o requirimento, ao licitador proposto como adxudicatario do contrato de obras de referencia, para que no prazo de 7 días hábiles presentase a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos e de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, todo elo previo á adxudicación do dito contrato.

En data 3 de setembro de 2024, o licitador proposto como adxudicatario, Construcciones Siber Ordes, S. L., respondeu ao requirimento. Os membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela asistentes á sesión examinan a documentación presentada e comprobán que está toda a requirida e



Concello da Capela

que cumpre co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e na LCSP.

Sen máis asuntos na orde do día sobre os que tratar, o presidente dá por rematada a sesión sendo as 11:30 horas, de todo o cal eu como secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria

Emilio Riobó Piñón

Olga Galdo López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

